



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Número 190  
10 de outubro de 2017



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación da emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006)

Emenda á totalidade con petición de devolución

■ Do G. P. de En Marea (doc. núm. 18398)

[56090](#)

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 6475 (10/PNC-000654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinc deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para lle posibilitar á veciñanza do concello de Cartelle unha cobertura telefónica axeitada e a conexión á internet polo sistema de satélite 3G ou polo sistema terrestre cunha calidade aceptable, así como para o desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020

[56086](#)

■ 7770 (10/PNC-000813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a posición que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa inclusión dos impostos enerxéticos e ambientais establecidos pola propia Administración autonómica nos suplementos territoriais, así como o seu pagamento polas persoas consumidoras galegas

[56087](#)

### Rexeitamento da iniciativa

■ 17115 (10/PNC-001425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos incrementos previstos polo Ministerio de Enerxía e as compañías eléctricas no recibo da luz dos consumidores galegos [56087](#)

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.2. Recursos humanos**

Resolución da Presidencia, do 5 de outubro de 2017, pola que se nomean os membros da Comisión de valoración do concurso de méritos para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións da administración do Parlamento de Galicia [56088](#)

### **4. Informacións e correccións de erros**

#### **4.2. Correccións de erros**

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia [56088](#)

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**

##### **1.1.2.1.2. Proposicións de lei**

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 9 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

#### **Cualificación da emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006)**

Examinado o escrito presentado e dado que se axusta aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emenda á totalidade con petición de devolución

- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 18398)

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.6. Proposicións non de lei**

##### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

##### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 9 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 6475 (10/PNC-000654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinc deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para lle posibilitar á veciñanza do concello de Cartelle unha cobertura telefónica axeitada e a conexión á internet polo sistema de satélite 3G ou polo sistema terrestre cunha calidade aceptable, así como para o desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. Para que, da man do Concello de Cartelle, se volvan realizar as xestións oportunas coa veciñanza e as respectivas comunidades de montes para buscar solucións viables, que poidan dar resposta aos problemas de cobertura telefónica e internet en varios núcleos de poboación do concello de Cartelle, garantindo a igualdade de oportunidades con independencia de onde se viva.

2. A dirixirse ao Goberno de España para que ambas as administracións teñan en conta a existencia desta e doutras posibles zonas de sombra na provincia de Ourense á hora de desenvolver os seus plans de extensión de redes de banda larga.»

- 7770 (10/PNC-000813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a posición que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa inclusión dos impostos enerxéticos e ambientais establecidos pola propia Administración autonómica nos suplementos territoriais, así como o seu pagamento polas persoas consumidoras galegas

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se opoña con rotundidade a que os impostos ambientais establecidos pola propia Administración autonómica se inclúan nos suplementos territoriais e teñan, polo tanto, que ser aboados polas persoas consumidoras galegas.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 17115 (10/PNC-001425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos incrementos previstos polo Ministerio de Enerxía e as compañías eléctricas no recibo da luz dos consumidores galegos

BOPG nº 182, do 27.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**Resolución da Presidencia, do 5 de outubro de 2017, pola que se nomean os membros da Comisión de valoración do concurso de méritos para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións da administración do Parlamento de Galicia**

De conformidade co disposto no punto 5 das bases que rexen a convocatoria de concurso de méritos para a provisión dos postos de técnico/a de asistencia parlamentaria, técnico/a superior de réxime interior e técnico/a de publicacións da administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do de 1 de agosto de 2017,  
RESOLVO:

Nomear membros da Comisión de valoración do concurso de méritos para a provisión dos anteditos postos as persoas que figuran a continuación:

Comisión titular:

Presidenta: Carolina Costoya Pardo  
Secretaria: Raquel Rodríguez Carro  
Vogal 1: María Aneiros González  
Vogal 2: Javier Freire González  
Vogal 3: Fernando Negueruela Sánchez

Comisión suplente:

Presidente: Pedro Vila López  
Secretaria: Purificación López Gómez  
Vogal 1: Juan Carlos Caride Puente  
Vogal 2: Xermán García Cancela  
Vogal 3: Carlos Díaz Abreira

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017  
Miguel Angel Santalices Vieira  
Presidente

### 4. Informacións e correccións de erros

#### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia**

Advertido un erro na publicación do citado informe, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 188, do 6 de outubro de 2017, corríxese nos seguintes termos:

No sumario e mais na páxina 55365, onde di «Proposición de lei de fomento de iniciativas empresariais en Galicia» debe dicir: «Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia».

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Carmen Santos Queiruga e do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á totalidade, con petición de devolución**, ao **Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [doc. núm. 16854, (10/PL-000006)]** polas seguintes razóns:

### **Primeiro:**

A relevancia da materia, así como a necesidade dunha lei que regule este tipo de actividades, longamente reclamada polos propios sectores afectados, esixe diálogo e consenso. Un diálogo e consenso que o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas presentado non ten.

### **Segundo**

O Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades de Galicia parte dunha premisa errónea: pretende equiparar cultura con espectáculo. Deste xeito, o presente proxecto mestura todo tipo de actividades culturais e recreativas sen diferenciación algunha respecto ao seu posible carácter lucrativo, cultural ou unicamente recreativo. É dicir, unha norma coma esta debería ser moito máis coidadosa para diferenciar segundo o tipo de actividade de que se trate.

### **Terceiro**

A falta de proporcionalidade do sistema de sancións que inclúe este Proxecto de lei é evidente. Se o que move a apertura dun espazo ou a realización dunha actividade é o interese social, artístico ou cultural sen ánimo de lucro, non cabe a



sanción económica como medida de persuasión para o cumprimento das obrigacións administrativas.

#### **Cuarto**

Este Proxecto de lei supón un paso máis no camiño do Partido Popular de reducir os dereitos democráticos que tantas décadas custaron lograr ao exixir comunicacións previas para todo tipo de actividade cultural.

Tanto a esixencia de comunicación previa á autoridade administrativa competente como a autorización por parte da mesma para a realización de todo tipo de actividades artísticas, culturais e recreativas, supón un exceso de control inaceptable por parte da administración da liberdade e independencia de creación, difusión e exhibición artística e cultural realizada en espazos privados abertos á concorrencia de público cando non hai ánimo de lucro nin risco algún para persoas ou bens; máxime cando, en caso de habelos, quedarían perfectamente cubertos pola actual lexislación en materia de responsabilidade civil e penal.

Polo tanto, En Marea solicita a devolución do Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**



**Luca Chao Pérez na data 06/10/2017 14:42:28**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/10/2017 14:42:35**

**Carmen Santos Queiruga na data 06/10/2017 14:42:42**

**Luis Villares Naveira na data 06/10/2017 14:42:48**

# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727